

LA PARRA

Alberto Gracia, 2024

1424

ESTREA EN NUMAX: 13.12.2024 | V.O. | +12 | 90 min

Damián participa nun concurso televisivo onde premian a literalidade. Colocáronlle o seu nome na camisa. Cando o programa vai a publicidade, comeza a historia: Había unha vez un home de mediana idade que vive de forma precaria nunha gran cidade. Ao recibir a noticia de que o seu pai morreu, ten que volver a Ferrol, a súa localidade natal. Tras máis de vinte anos fóra, Ferrol converteuse nunha ruína que todo o atrapa.

«Ferrol parece o Twin Peaks ibérico. O espazo emana estrañeza e remata por empurrar o protagonista a unha fuxida entre paranoide e alucinada»

Violeta Kovacsics, OTROSCINES.COM



Unha conciencia perplexa

Por Carlos Losilla

La Parra, terceira longametraxe de Alberto Gracia, alzouse co primeiro premio da sección Alquimias nesta última edición da Seminci, tras pasar tamén polo Festival de Róterdam e o Bafici deste mesmo ano. É un filme peculiar, pero non difícil. De feito, deberíamos esquecernos dese adxectivo, 'difícil', á hora de falar de cinema, e máis de cinema español: son etiquetas que non axudan a ninguén, e menos ao público de aquí, maioritariamente afeito a que llo dean todo ben mastigadiño. Neste sentido, Seminci fixo este ano un gran traballo: programar películas como *En la alcoba del sultán* (Javier Rebollo), *Polvo serán* (Carlos Marqués-Marcet), *Salve Maria* (Mar Coll), *Cyborg Generation* (Miguel Tráfogueiro) ou *Fin de fiesta* (Elena Manrique), entre outras, e independentemente da opinión que nos merezan cada unha delas por separado, supuxo proxectar unha imaxe do cinema español moi distinta á que adoitan darnos determinadas instancias oficiais. Unha imaxe conflitiva, pois son películas que expoñen dúbidas, que optan pola experimentación –cada unha ao seu modo–, que se negan a transitar polo camiño máis doado e, pola contra, dedícanse a abrir fendas na súa propia estrutura, a poñerse paus nas rodas a si mesmas, a deixar ao descuberto o seu funcionamento interno para preguntarse pola súa pertinencia, aínda que nalgúns casos se equivoquen ou mesmo fracasen.

Deixarei para outro día todo tipo de explicación respecto diso, en cada un dos casos, e limitareime a dicir aquí que *La Parra* é altamente, exemplarmente emblemática desta deriva por varias razóns: 1) leva ao límite o xogo entre documental e ficción que desde hai anos vén estando na base de certo cinema español; 2) opta por formas ficcionadas sen orde nin concerto aínda que sexa a partir de materiais cotiáns; 3) fai estalar o realismo convencional ao radicalizalo e descubrir o seu outro lado, ese *fantastique* alucinado que ás veces se oculta tras o que consideramos 'real'; e 4) reconverte todo iso en imaxes que se opoñen a calquera tipo de rutina e que se preguntan por si mesmas. Os outros filmes españois antes mencionados tamén apuntan nesa dirección, aínda que sexa de formas distintas.

La Parra faino, con todo, co mínimo de elementos posibles. Un home regresa á súa cidade, Ferrol, para levar os restos de seu pai morto. A realidade da cidade en cuestión é máis ben conflitiva, e desde o principio sabemos que ambos, o home e o espazo que revisita, ocultan un pasado tormentoso. Alóxase nunha pensión, a *La Parra* do título, e logo descubrimos que pode que teña un dobre, aínda que nada do que se nos conta é seguro. A realidade queda así alterada, e tamén a maneira de filmala. Un grupo de cegos acada un inusitado protagonismo... Estamos ante un conto fantástico, ante unha crónica realista, ante unha indagación política, ante un relato experimental, ante unha narración de corte kafkiano, ante un documento sobre a marxinação, ante unha revisión do pasado, ante unha revisión do presente, ante unha negación de calquera tipo de revisión...? Que misterio se oculta tras iso? Hai algún misterio?

Poderíamos dicir o de sempre: *La Parra* é todo iso e moito máis. Pero non é certo.

Diríase máis ben que *La Parra* non é nada diso, non é absolutamente nada, non encerra ningún misterio porque o único misterio é ela mesma. Ou mellor: é unha enerxía que se consume a si mesma a través de incesantes metamorfoses, que de súpeto deixan entrever escintileos de algo, ou doutra cousa, e logo fainos desaparecer para dedicar a súa atención a outros matices que foron xurdindo no camiño. A fragmentación é mutación e viceversa. E a ruptura coas propias formulacións, a contradición en si mesma é a materia da que está feita o filme. Quizá debamos familiarizarnos con todo iso para ver de que vai o cinema español do que falamos. E para comprobar que pode que se trate do puro presente feito imaxe, pois non debe de haber outra forma de representalo que pasalo polo tamiz dunha conciencia perplexa: a de *La Parra*, a nosa ou todas á vez?